

A POSESIÓN DE CAPITAIS: O CAPITAL ECONÓMICO, CULTURAL E SOCIAL E A SÚA INFLUENCIA NO ACCESO E REALIZACIÓN DE ESTUDIOS UNIVERSITARIOS EN GALICIA

PEDRO ARIAS VEIRA

Departamento de Fundamentos da Análise Económica
Universidade de Santiago de Compostela

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Universidade de Santiago de Compostela

Palabras clave: *Orixe social; Capitaís económicos, culturais, sociais, contextuais, familiares.*

Key words: *Social origins and Economic, Cultural, Social, Contextual and Family Resources.*

Resumo

Análise na ensinanza superior de Galicia da influencia da orixe social, dos capitaís económicos, culturais, sociais, contextuais, etc. no acceso e desenvolvemento dos estudos superiores.

Abstract

This paper deals with Gallician high education and analyses the influence of the social origins and the economic, cultural, social, contextual, etc. resources on the access and development of higher education.

constátase a forte discriminación social que se produce no acceso á Universidade en Galicia en función dos estudos e a profesión dos pais. Comprobamos que non estudia quen quere nin o que quere nin onde nin como quere, senón quen pode. E os que máis poden son aqueles estudantes cuns pais e nais que teñen máis capitaís económicos, culturais, simbólicos, sociais, contextuais, organizacionais, vivenciais ou de experiencias. Bourdieu e Passeron nos seus traballos *Os estudantes e a cultura, A reprodución*, etc.; Bourdieu en *A distinción, Nobleza de Estado*, etc; Carlos Lerena en *Escuela, ideología y clases sociales en España*, etc. analizarono empiricamente, con lucidez e agudeza.

1. INTRODUCCIÓN

Á luz dos cadros "Profesión dos pais e as nais dos universitarios galegos" e "Estudios dos pais e das nais dos universitarios galegos"

2. INFLUENCIA DA ORIXE SOCIAL

No cadro relativo á orixe social que analizamos, tendo en conta un estudio comparativo da profesión dos pais dos universitarios de toda

Galicia e do campus de Santiago, coa profesión dos maiores de 40 anos do censo de poboación para Galicia, apréciase claramente como os agricultores son, con moita diferenza do resto, os máis penalizados, os que se ven menos representados á hora de aportar estudantes á Universidade en Galicia, seguidos dos obreiros especializados e sen especializar. En sentido completamente contrario, os profesionais e técnicos por conta propia (profesións liberais) son os máis beneficiados, os que, a partir do censo desta profesión e en comparación co resto das profesións, aportan máis universitarios a Galicia nas franxas de idade correspondentes e, con bastante diferenza, ó campus de Santiago que é onde están emprazadas o maior número de Facultades e onde estudian o maior número de estudantes fóra do domicilio familiar (o que require un gasto bastante maior). É dicir, teñen máis probabilidades de acceder á Universidade, acceden moito máis á Universidade, os fillos de profesionais liberais cós fillos dos agricultores e dos obreiros. Séguenlles os empresarios, directivos, policías de maior grao, gardas civís-militares (oficiais) e funcionarios de maior nivel.

As categorías socioprofesionais expoñen un problema de identificación real da orixe social, pois os axentes sociais e, por suposto, os estudantes desencadean estratexias de representación (cara os demais e cara a si mesmos) que no caso da definición das profesións xogan con gran forza se temos en conta que, segundo o prestixio dominante, a consideración social cambia en función da imaxe, da profesión que un teña. Na Universidade hai estudantes ós que se lles fixo ver, sentir, saber, sufrir que profesionalmente, en canto á orixe social, non "teñen o que hai que ter", de aí que oculten, non respondan, cambien ou enfeiten a profesión dos seus pais para "sentirse á altura social da institución que imparte a cultura, a ensinanza superior".

Por outra parte, nas institucións que traballan con estatísticas sociais, non están unificadas as categorías socioprofesionais polo que se formulan moitos problemas á hora de facer estudos sobre a procedencia social, sobre a incidencia das desigualdades sociais. O que pode considerarse, de feito, como unha dificultade máis para clarear estas desigualdades, e,

mesmo, como unha estratexia de enmascaramento, de ocultamento ou de disimulación das mesmas¹.

A pesar destas dificultades que nos atopamos coas estatísticas neste aspecto (unidas ás perennes de atopar datos, estudos estatísticos en tódolos órganos oficiais que deberían telos sempre a punto, dado que son un material de primeirísima necesidade), nas enquisas que temos realizado e no tratamento das estatísticas relativas á orixe social do acceso á Universidade en Galicia verificase (nos cadros facilitados) que as probabilidades de acceso á Universidade aumentan en cada categoría socioprofesional a medida que avanzamos na escala social: acceden máis e moito máis os fillos dos cadros altos, as profesións liberais, os altos funcionarios, os funcionarios superiores, os directivos, os militares, Gardas Civís (G.C), policías de maior graduación, os empresarios grandes e medios, os cadros medios, cós pequenos campesiños, obreiros sen especializar, artesáns, pequenos comerciantes, empregados, funcionarios de menor nivel, militares e G.C. que non son oficiais e policías de baixa graduación.

3. OS ESTUDIOS, O CAPITAL CULTURAL DOS PAIS TEN UNHA INFLUENCIA MOI IMPORTANTE NO ACCESO Á UNIVERSIDADE GALEGA. OS ESTUDIOS DA NAI SON ESPECIALMENTE DECISIVOS PARA OS ESTUDIOS DOS FILLOS

Roger Establet autor de obras como *A escola capitalista en Francia* (xunto a C. Baudelot), *A escola primaria divide* (xunto a C. Baudelot e J. Toiser), *Os estudantes, o emprego e a crise* (xunto a C. Baudelot e R. Béno-liel), na súa Tese de Estado: *A rendibilidade social diferencial da escolarización* (1985, que despois se transformou na obra: *¿É rendible a escola?*, 1987) demostra empiricamente como os pais con máis capitais educativo-culturais conseguen unha rendibilidade maior coa educación ("investimento") dos seus fillos ó dispor de maiores e mellores medios para poder seguila, defendela no mercado educativo formal e informal. Establet demostra nese traballo a rendibili-

dade diferencial dos estudos das nais ó sinalar que as que teñen maiores estudos, as que están máis familiarizadas coa educación, o capital cultural, co sistema educativo e a súa organización, coa relación cultura - formación - emprego - mobilidade social, etc, ademais de estar moito máis representadas có resto das profesións no censo de nais de estudantes universitarios, ademais de enviar máis fillos á Universidade, conseguen uns rendementos, uns resultados educativos moito mellores para os seus fillos cás que non teñen ditos medios, cas que non se atopan nas devanditas condicións.

Establet evidencia como, mesmo no interior de cada categoría socioprofesional, as nais e pais que teñen unha profesión e estudos concretos gracias a que están máis familiarizados coa cultura escolar, cos modos e as maneiras do sistema educativo, conseguen maior representación no censo de pais con fillos universitarios e unha rendibilidade educativa maior cós fillos dos pais que, pertencendo xenericamente ás mesmas categorías socioprofesionais, se diferencian pola natureza das mesmas na súa relación co capital escolar, co sistema educativo, cos estudos universitarios concretos. Por poñer por caso, estudantes de arquitectura, enxeñería, etc., que teñen pais e/ou nais arquitectos, enxeñeiros, ou profesionais, profesores de ciencias afíns, teñen posibilidades de conseguir mellores rendementos académicos cós estudantes con pais e nais que non teñen estas profesións ou afíns. Noutras palabras, o capital cultural familiar (avós, pais, nais, irmáns, etc.) específico desempeña un papel importante no acceso e o desenvolvemento dos estudos universitarios, e, tamén, á hora de atopar emprego.

No cadro "Estudios dos pais e das nais dos universitarios galegos" verifícase en Galicia a hipótese que Establet comprobara en Francia. Como se pode apreciar, os pais e nais sen estudos ou con primarios incompletos vense fortemente penalizados á hora de estar representados no censo de pais con fillos universitarios, á hora de enviar ós seus fillos á Universidade en Galicia, mentres que os pais con estudos superiores, pola contra, son os máis superrepresentados, os que teñen máis probabilidades, os que envían máis fillos á Universidade en proporción e en relación cos pais que non teñen estudos

secundarios e superiores. Apreciase, tamén, como, a medida que as nais teñen un grao maior de estudos, aumentan as súas posibilidades de envia-los seus fillos á Universidade, sendo maior a probabilidade que teñen os fillos de estudar na Universidade cando as nais teñen estudos secundarios e universitarios (diplomatura, licenciatura, doutoramento, etc.).

Se agora collémo-la taxa de actividade de España segundo o nivel de estudos rematados (1991):

- Analfabetos e sen estudos: 23,69
- Estudos primarios: 47,17
- Estudos medios (excluída FP): 58,85
- Formación Profesional: 71,56
- Nivel anterior ó superior: 67,51
- Estudos superiores: 81,86

Compróbase que a taxa de actividade aumenta moi significativamente segundo aumenta o nivel de estudos². Así mesmo, se tomamos agora a Enquisa de condicións de vida e de traballo (1985), a medida que aumentan os ingresos dos pais aumenta a probabilidade de que os seus fillos posúan estudos universitarios, ó igual que sucede co nivel de estudos dos pais e tamén co que chamámo-lo capital contextual, é dicir, o capital cultural (centros educativos múltiples e de diferentes niveis, asociacións culturais, centros culturais multiusos, etc.), económico, social, etc. acumulado nun espacio social dado, como por exemplo, nos concellos (un exemplo ben significativo en Galicia podería ser Silleda).

3.1. A ANTIGA RAIZAME DE MEDICINA, DEREITO E FARMACIA

Nunha enquisa realizada a 1.800 estudantes da Universidade de Santiago baixo a nosa supervisión, con relación á pregunta "¿A que clase social diría vostede que pertence a súa familia no lugar no que vive normalmente?", como se aprecia no cadro, destacan as Facultades de Medicina, Dereito e Farmacia cun "concepto acusado de clase" moi por riba da media, ó encadrarse os estudantes destes centros maioritariamente na clase media alta e tamén na clase alta.

Os universitarios "por excelencia" na Universidade completamente pechada sobre sí mesma, na Universidade absolutamente reservada ás "clases superiores" e "distinguidas", doutros tempos non moi distantes, eran os de "Dereito, Medicina e Farmacia" que nos seus corpos, nas súas carnes (¡que carnes!), nas súas familias, na súa heráldica e tradicións, encarnaban, incorporaban con calculada ostentación, mantiñan erguida a "verdadeira distinción universitaria", "tiñan o que hai que ter": o "estilo universitario" que mostraban nos seus "coidados hábitos" dentro e fóra das aulas, nos seus flamantes uniformes e nas súas mellores galas que lucían na "festa do licenciado" (por certo no único centro que continuou celebrándose ata hoxe foi Farmacia). Agora en pleno furor da "nova distinción", en pleno arrasamento da "cultura da apariencia", do "Guinness de luxo e das novas clases palqueiras, estoleiras, instaladas e en exposición", nalgúns centros como Dereito, Medicina, etc. volveuse implantar este "distinguido e moi fino e moi universitario evento". Algúns falan incluso de rescatar ou inventar uns hábitos "ad hoc" para estar á altura das circunstancias. Mandaron unha delegación ós EE.UU., pois os americanos, que devecen polas formas aristocráticas dos seus devanceiros, montan este tipo de shows con gran ampulosidade. Iso si, un pouco hollywoodense. Pero ben, aquí pode dárselle un toque galaico e, cun pouco de sorte, o noso presidente bote unhas bágoas ou lagrimiñas —"adeus ríos, adeus fon-tes...", embrando tempos pasados, ¡que tempos!, ¿eh, Don Manuel?—. Outros espacios de lucimento do estilo eran as festas nos Colexios Maiores (onde era obrigatorio o uníforme estilo "Oxford" pero, iso si, un pouco apalleirado poque aínda non chegara a moda galega...), nos casinos e outros clubs de moito perendengue, os "bailes de sociedade", os cafés e recintos dos "nenos pera", os "nenos litri", os "nenos e as nenas ben", os "amadrileños da Coruña" (relambidos con mocasín, polo e blazer, xersey anudado estratexicamente...), as misas solemnes... En Galicia, na actualidade, puxéronse en funcionamento Clubs Financeiros, e os clubs de "fachenda" volven polas de antes, ó igual cás postas de largo, coa novidade de que fixeron a súa aparición neles os novos ricos, ou os vellos que volveron ó rego, os que onte os atacaban duramente como manifesta-

cións da "condenable dominación burguesa e do seu ostentoso e asoballador estilo".

Esa Universidade doutra época estaba reservada ás "minorías clasistas". A de hoxe, como se demostra nos cadros, segue sendo clasista, aínda que doutra maneira. Como verifica moi ben Bourdieu na súa última obra: *Nobreza de Estado*, as clases dominantes aprenden das loitas sociais, adáptanse ás circunstancias e reconverten as súas estratexias para mante-las súas posicións dominantes. Na educación e á ensinanza superior a selección social e as desigualdades non desaparecen senón que se desprazan. Para os que onte ter un diploma de bacharelato, e máis aínda unha licenciatura, era un valor social da máxima importancia. Hoxe xa non o é da mesma maneira; aparecen os masters e outros circuítos máis ou menos "nobres" que seguirán marcando as distancias sociais.

A Universidade de onte pechada nos claustros, producía fundamentalmente médicos, farmacéuticos, avogados, moi poucos enxeñeiros (tamén "moi nobres" que nunca se manchaban as máns, faltaría máis) e funcionarios para a ensinanza e a Administración (o soño era —lamentablemente aínda, en gran medida, o que segue sendo, saca-la oposición, poñerse os galóns do número, triunfar, casarse e ter fillos para o ceo— (isto último, o do casoiro e a prole, espállase moitísimo menos). Ver cadro de *Profesión dos pais e das nais dos universitarios de Santiago por Facultades*.

Se comparámo-lo cadro da clase subxectiva dos estudantes co das profesións dos pais, segundo Facultades do campus de Santiago, comprobamos como a maior "conciencia de clase" tanto alta coma popular, que temos citado anteriormente, cadra plenamente co encadramento profesional que fan dos seus pais os estudantes segundo os centros onde estudian: as Facultades que producen unha porcentaxe de "profesionais e técnicos por conta propia" (profesións liberais) por riba da media son Dereito, Medicina e Farmacia e despois Xeografía e Historia, que son as que tiñan unha maior conciencia de pertenza ás clases altas (altas+medias-altas) con bastante diferenza do resto. Nestes tres centros máis clasistas é onde se dan as maiores porcentaxes, por riba da media, de directivos, cadros superiores e funcionarios altos e tamén unha porcentaxe signifi-

PROFESIÓN DOS PAIS E DAS NAIS DOS UNIVERSITARIOS DE SANTIAGO POR FACULTADES																
	1		2		3		4		5		6		7		8	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Farmacia	5'3	4	25'3	13'4	27'9	14'5	14'2	3'5	5'3	0'6	2'1	5'3	5'3	0'6	11'6	62'8
Psicolox.	4'4	3'3	29'4	18'3	14'7	8'3	5'9	0	13'2	0	1'5	4'4	4'4	1'7	26'5	63'3
Filoloxía	10'6	10'3	24'4	8'2	21'9	10'3	3'7	0'7	16'2	1'4	4'4	2'5	2'5	0	15	68'5
Bioloxía	4'3	5'8	24'7	5'8	22'6	7	4'3	1'2	12'9	1'2	6'4	4'3	4'3	1'1	18'3	75'6
Xeo-Hist.	5'7	4'3	22'8	12'9	17'6	11	8'8	0'6	14	1'2	3'1	4'1	4'1	0'5	20'7	67'5
Pedagog.	7'7	2'9	20'5	5'9	12'8	20'6	0	0	15'4	0	7'7	10'2	10'2	0	25'6	70'6
Medicina	3'5	4'2	24'9	8'5	26'9	20'1	14'9	0'5	5	0'5	3	7	7	0	12'9	65'1
Económic.	6	6'9	36'3	5'6	17'6	8'8	6'6	2'3	14'8	0'5	3'3	1'6	1'6	1'4	11'5	52'3
Filosofía	4'6	2'6	20'7	9	24'1	10'2	5'7	1'3	8	1'3	2'3	8	8	1'3	19'5	73'1
Matemát.	10'9	8'6	15'6	12'1	18'7	13'8	4'7	0	12'5	0	6'2	0	0	0	25	62'1
Física	5'1	7'9	20'5	2'6	23'1	15'8	5'1	0	15'4	2'6	2'6	5'1	5'1	0	20'5	68'4
Dereito	1'7	2'1	26'7	10'1	27'8	16'2	15'2	2'1	6'5	0	2	3'6	3'6	0	14'3	67'8
TOTAL	5'1	5	25'7	9'9	23	13'7	9'8	1'5	10'2	0'7	3'2	4'3	4'3	0'5	16'1	67'1

1. Empresarios agrarios con e sen asalariados, resto traballadores por conta propia e allea.

2. Empresarios non agrarios con e sen asalariados, traballadores autónomos.

3. Directivos empresas non agrarias e da Admón., profesionais e técnicos por conta allea, xefes de departamento, alto persoal técnico, altos cargos administrativos, funcionarios, empregados.

4. Profesionais e técnicos por conta propia.

5. Obreiros especializados.

6. Obreiros sen especializar.

7. Militares profesionais, policía, G. civil.

8. Outros (amas de casa, etc.).

cativa de empresarios. En calquera caso, se sumámo-las categorías correspondentes ás profesións liberais, os directivos, cadros de funcionarios altos, superiores, empresarios agrarios e non agrarios con máis de 10 asalariados, policías, G.C., militares, oficiais da maior graduación, comprobamos (como temos feito na enquisa ós 1.800 estudantes) que se corresponden practicamente coa declaración de clase media alta e clase alta dos estudantes.

3.2. A CONCIENCIA DE CLASE POPULAR

Os que se encadran máis na parte baixa da pirámide social (clase popular e media-baixa) están, á luz do cadro estatístico, moi por riba da media: Filoloxía, Matemáticas, Bioloxía,

Maxisterio, Traballo Social, Pedagogía. Os que teñen unha maior "conciencia de clase popular" son: Matemáticas, Traballo Social, Bioloxía, Maxisterio, Filoloxía, Física. Claro que se trata dunhas "clases populares" moi especiais en comparación coas do resto do censo, cos pais que non teñen fillos que accedean á Universidade, pois se trata duns agricultores, mariñeiros, obreiros, empregados, amas de casa... que teñen máis capitais económicos, culturais, sociais, contextuais, organizacionais, simbólicos... per se e historicamente acumulados na súa familia, no seu contorno, cás clases populares, cás clases medias baixas, no seu conxunto. Trataríase do que poderíamos denominar, en termos xerais, a "aristocracia das clases populares e medias baixas".

PROFESIÓN DOS PAIS E DAS NAIS DOS UNIVERSITARIOS GALEGOS						
	Censo Poboación Ativa-profesión maiores de 40 anos		Profesión pais Universidade de Galicia, Curso 89-90		Profesión pais Universidade Santiago Santiago cidade, 1988	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
1. Empresarios agrarios con e sen asalariados, resto traballadores por conta propia e allea	34'8	57'4	7'4	3'6	7'7	5'1
2. Empresarios non agrarios con e sen asalariados, traballadores autónomos	12'7	9'9	20'4	6'4	25'7	9'9
3. Directivos empresas non agrarias e da Admón., profesionais e técnicos por conta allea, xefes de departamento, alto persoal técnico, altos cargos administrativos, funcionarios, empregados	14'6	20'7	31'6	12'1	23	13'7
4. Profesionais e técnicos por conta propia	1'4	0'7	4'2	1'0	9'8	1'5
5. Obreiros especializados	22'3	5'8	15'5	0'9	10'2	0'7
6. Obreiros sen especializar	8'3	1'1	6'1	1'3	3'2	1'6
7. Militares profesionais, policía, G. civil.	1	0	4'4	0'03	4'3	0'5
8. Outros (amas de casa, etc.)	4'9	4'4	10'3	74'5	16'1	67'1

RESPOSTA DOS ENQUISADOS Á PREGUNTA ¿A QUE CLASE SOCIAL DIRÍA VOSTEDE QUE PERTENCE A SÚA FAMILIA NO LUGAR QUE VIVE NORMALMENTE?							
	Popular	Media-baixa	Media-media ¹	Media-alta	Alta	NS/NC	TOTAL
Farmacía	21 11'2 %	53 28'4 %	2 1'1 %	102 54'6 %	4 2'1 %	5 2'7 %	187 100 %
Psicoloxía	12 18'5 %	31 47'7 %	2 3'1 %	19 29'2 %	0	1 1'5 %	65 100 %
Filoloxía	34 21'4 %	87 54'7 %	2 1'3 %	32 20'1 %	0	4 2'5 %	159 100 %
Bioloxía	22 23'9 %	46 50'0 %	3 3'3 %	19 20'7 %	0	2 2'2 %	92 100 %
Xeog. e Hist.	31 16'0 %	87 28'1 %	0	66 34'0 %	6 3'1 %	4 2'1 %	194 100 %
Dereito	38 10'7 %	102 28'7 %	5 1'4 %	194 54'5 %	6 1'7 %	11 3'1 %	356 100 %
Enfermería	3 13'1 %	8 34'8 %	0	12 52'2 %	0	0	23 100 %
Pedagogía	8 20'5 %	18 46'2 %	0	12 30'8 %	0	1 2'6 %	39 100 %
Trab. Social	4 28'6 %	6 42'9 %	0	3 21'4 %	0	1 7'2 %	14 100 %
Maxisterio	16 23'2 %	34 49'3 %	0	16 23'2 %	0	3 4'3 %	69 100 %
Medicina	13 6'4 %	63 31'2 %	4 2'0 %	117 57'9 %	1 1'0 %	3 1'5 %	202 100 %
Econ./Empres.	35 19'3 %	80 44'2 %	2 1'1 %	58 32'0 %	1 0'6 %	5 2'8 %	181 100 %
Filosofía	10 11'4 %	42 47'7 %	2 2'3 %	31 35'2 %	1 1'1 %	2 2'3 %	88 100 %
Matemát.	22 33'9 %	27 41'5 %	0	16 24'6 %	0	0	65 100 %
Física	8 20'5 %	15 38'5 %	0	15 38'5 %	0	1 2'6 %	39 100 %
TOTAL	277 15'6 %	699 39'4 %	22 1'2 %	712 40'2 %	20 1'1 %	43 2'4 %	1.773 100 %

¹ Esta resposta non figuraba como tal no cuestionario.

ESTUDIOS DOS PAIS E DAS NAIS DOS UNIVERSITARIOS GALEGOS						
	Padrón 1986		Universidade Galicia		Universidade Santiago-cidade	
	Home	Muller	Home	Muller	Home	Muller
Sen estudos ou primarios incompletos	55'2	63'6	3'1	4'4	8'9	12'4
Primarios	35'2	30'7	56'6	68'6	39'8	49'4
Secundarios	4'9	22'3	12'3	9'0	18'1	18'6
Medios (peritaxes, diplomados, etc.)	2'2	2'4	12'25	11'2	14'3	11'2
Superiores	2'5	0'7	10'7	2'6	13'7	5'2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Padrón 1986; Datos estadísticos das Universidades da Comunidade Autónoma Galega, Curso 1989-90, Servicios Informáticos da Univ. de Santiago; Enquisa ós universitarios de Santiago sobre as súas prácticas culturais 1988.

NOTAS

1. Br. Durez, J. Ion, M. Pinçon, M. Pinçon-Charlot. (1988). *Des représentations des structures sociales: Lenomenclatures socioprofessionnelles au Royaume Uni et en Espagne*. Ed. CNRS.
2. Fr. Pérez García. (1992). "Gastos en educación, ensinar a pescar" en *El País-Negocios*, 1 Nov., p. 2.

BIBLIOGRAFÍA

- ARIAS, P.; CANCIO, M. (1984). *La planificación universitaria en Galicia*, 3 tomos. Dirección Xeral de Universidades da Xunta de Galicia.
- ARIAS, P.; CANCIO, M. (1992). *Radiografía de los centros universitarios gallegos*. Ed. La Voz de Galicia.
- ARIAS, P.; CANCIO, M. (1992). *Análisis sociológico de las Universidades gallegas*. Ed. La Voz de Galicia.
- BAUDELLOT, CH.; ESTABLET, R. (1971). *L'école capitaliste en France*. Ed. Maspero.
- BAUDELLOT, CH.; ESTABLET, R. *et al.* (1974). *La petite bourgeoisie en France*. Ed. Maspero.
- BAUDELLOT, CH.; ESTABLET, R. (1975). *L'école primaire divise*. Ed. Maspero.
- BAUDELLOT, CH.; ESTABLET, R. (1979). *Qui travaille pour qui?*. Ed. Maspero.
- BAUDELLOT, CH.; ESTABLET, R. (1981). *Les étudiants, l'emploi, la crise*. Ed. Maspero.
- BOLTANSKI, L. (1987). *Puericultura y moral de clase*. Ed. Laia.
- BOURDIEU, P.; PASSERON, J.C. (1964). *Les étudiants et leurs études*. Ed. Mouton.
- BOURDIEU, P.; PASSERON, J.C. (1964). *Les héritiers*. Ed. Minuit.
- BOURDIEU, P.; PASSERON, J.C.; SAINT MARTIN, M. (1965). *Rapport pédagogique et communication*. Ed. Mouton.
- BOURDIEU, P.; PASSERON, J.C. (1970). *La reproduction*. Ed. Minuit.
- BOURDIEU, P. (1979). *La distinction*. Ed. Minuit.
- BOURDIEU, P. (1980). *Questions de sociologie*. Ed. Minuit.
- BOURDIEU, P. (1982). *Leçon sur la leçon*. Ed. Minuit.
- BOURDIEU, P. (1984). *Homo academicus*. Ed. Minuit.
- BOURDIEU, P. (1988). *Choses dites*. Ed. Minuit.
- BOURDIEU, P. (1989). *La noblesse d'Etat*. Ed. Minuit.
- BOURDIEU, P.; WACQUANT, L.J.D. (1992). *Réponses*. Ed. Seuil.
- CACHÓN RODRÍGUEZ, L. (1988). *¿Movilidad social o trayectoria de clase? Elementos para una crítica de la sociología de la movilidad social*. Ed. CIS.
- CANCIO, M. (1986). *Funciones sociales de la Universidad*. Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- CANCIO, M. (1988). *La enseñanza reproductora y/o transformadora. Sociología de educación y de la cultura de Pierre Bourdieu*. Ed. Coordinadas.
- CASTILLO CASTILLO, J. [dr.]. (1978). *La Universidad de Santiago. Una aproximación sociológica*. Ed. Universidade de Santiago de Compostela.

- ESTABLET, R. (1985). *La rentabilité sociale différentielle de la scolarisation*. Teses de Estado.
- ESTABLET, R. (1987). *L'école est-elle rentable?* Ed. PUF.
- GRIGNON, CL.; PASSERON, J.C. (1991). *Lo culto y lo popular*. Ed. La Piqueta.
- HUSEN, T. (1978). *Origen social y educación*. Ed. CERI/OCDE.
- LATIESA, M. (1992). *La deserción universitaria*. Ed. CIS.
- LERENA, C. (1976). *Escuela, ideología y clases sociales en España*. Ed. Ariel. (Renovada e ampliada en 1986).
- LERENA, C. [ed.]. (1987). *Educación y sociología en España*. Ed. Akal.
- PÉREZ SERRANO, G. (1981). *Origen social y rendimiento escolar*. ED. CIS.
- SÁNCHEZ, J.M. [ed.]. (1991). *La sociología de la educación en España*. Actas da I Conferencia de Socioloxía da Educación. Madrid.
- SNYDERS, G. (1978). *Escuela, clase y lucha de clases*. Ed. Comunicación.
- VARELA, J. [ed.]. (1984). *Perspectivas actuales de sociología de la educación*. Ed. ICE de la Universidad Autónoma de Madrid.
- VARELA, J.; ÁLVAREZ URÍA, F. (1991). *Arqueología de la escuela*. Ed. La Piqueta.
- WILLIS, P. (1988). *Aprendiendo a trabajar: como los hijos de la clase obrera consiguen trabajos de clase obrera*. Ed. Akal.